

A SUSTENTABILIDADE OCEÁNICA A TRAVÉS DA FIGURA DE ÁNGELES ALVARIÑO

DOMÍNGUEZ LÓPEZ, SABELA
ÁLVAREZ LIRES, MARÍA M.
Universidade de Vigo

INTRODUCCIÓN

Partindo do interese do alumnado polo mar detectado nunha visita didáctica, realízase o deseño dun proxecto con perspectiva de xénero abordando a aprendizaxe a través de cuestións socio-científicas, de tal maneira que se potencie a autoestima das rapazas mediante a utilización de modelos de científicas e actividades orientadas aos seus intereses, aptitudes e actitudes e que se fomente no alumnado o interese e coñecemento do mar, xa que ambos, xénero e mar, están practicamente ausentes no currículo escolar.

A SUSTENTABILIDADE OCEÁNICA A TRAVÉS DA FIGURA DE ÁNGELES ALVARIÑO

A través da figura da oceanógrafa Ángeles Alvariño, como modelo de científica que chegou a ser recoñecida dentro da ciencia, malia os obstáculos que atopou na súa carreira profesional, preténdese facer consciente ao alumnado das dificultades e incomprensión que sufriron, e sofren, as mulleres neste ámbito e reforzar a autoestima das alumnas no proceso de aprendizaxe. Móstrase a importancia da sustentabilidade oceánica e o labor da oceanografía neste eido. Ao mesmo tempo, preténdese cambiar a visión sexista da ciencia cara un enfoque coeducativo mostrando, ademais, a ciencia como unha construción persoal e social, resaltando a responsabilidade das comunidades científicas ante os problemas da humanidade. No decurso do proxecto, cuxo centro de interese é Ángeles Alvariño, desenvólvense catro tarefas: A primeira delas consiste nunha análise da situación e do traballo das pioneiras da oceanografía en España, entre as que se conta a nosa protagonista. A segunda, sobre o plancto e a súa repercusión nos recursos pesqueiros, xa que Ángeles Alvariño destacou como planctóloga. A terceira consiste nunha saída didáctica na que o alumnado experimentará co colectivo de mariscadoras da asociación GUIMATUR e realizará tres talleres co persoal do Instituto Oceanográfico da Coruña, nos que observará mostras de plancto, co obxectivo de que o contacto coa realidade axude a relacionar o visto anteriormente, aclare dúbidas con persoas expertas e poida desenvolver competencias científicas. A tarefa final consiste en realizar un cómic sobre o mar, valéndose do material xerado nas tarefas anteriores: Ángeles Alvariño, o plancto e as mariscadoras.

Para o deseño do proxecto, seguíronse as orientacións de Arias Correa e outras (2009). As tarefas propostas baséanse no Ciclo de Karplus (Angulo, 2002), dándolle importancia en cada unha das fases do ciclo á avaliación como autorregulación da aprendizaxe. As actividades incorporan experiencias, observacións, clasificacións, saídas, análises, establecemento de analogías e relacións, descrición de situacións, utilización de linguaxes diversas, traballo en equipo, formulación de preguntas e busca de respostas. Ademais, prodúcese un intercambio de crenzas, valores, sentimentos e comportamentos (Jorba e Sanmartí, 1993).